

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE NOVEMBRO DE 2014

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/498/2014.- FINANCIERA MADERERA, S. A.- Conceder a licenza de obras para cambio de ubicación das básculas de pesaxe de camións, obras de acondicionamento das zonas afectadas e modificación do peche da industria en Lugar de Formarís, 60.

LIC/1720/2014 E LAP/310/2014.- AMIO REYSPA, S.L.- Conceder a licenza de obras e de actividade para nave industrial dedicada a café-bar-restaurante na rúa da Comunidade Valenciana.

2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de reforma da climatización da Escola Infantil Galiña Azul do Tambre.

Acórdase proceder á reforma da climatización da Escola Infantil do Tambre, para o que se aprobou o correspondente proxecto de reforma. O proxecto contempla a instalación de novas unidades de interior (tipo *fan-coils*), así como a instalación dunha nova bomba de calor e unha climatizadora. A maiores, e para rebaixar o nivel de carga térmica durante o verán, vaise instalar no exterior do edificio unha rede de arborado, procurando que non impida ao mesmo tempo a entrada do sol no inverno. As obras teñen un orzamento de 43.317 euros e un prazo de execución inferior a un mes, polo que esperamos que poidan executarse antes de que remate o ano actual.

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de execución de alumeadado público en Figueiras.

A Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de execución de iluminación pública nun tramo de estrada no lugar de Xulacasa, no contorno da pista polideportiva, nunha distancia duns 800 metros. O proxecto contempla a dotación de 30 novas luminarias, de alta eficiencia e de baixo consumo, provistas cada unha delas de 60 leds de alto rendemento, sobre columnas rectas de aceiro galvanizado de 8 metros de altura. O importe previsto está próximo aos 57.000 euros (56.979€) e o prazo estimado é de 2 meses.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de actuación no sector 40-VITE.

A Xunta de Goberno aprobou o proxecto de actuacións a desenvolver no denominado sector 40 de Vite, concretamente na rúa Blanco Amor. As obras previstas teñen por finalidade a reposición dos pavimentos deteriorados nas beirarrúas, un tratamento na calzada con aglomerado e a eliminación da inseguridade nalgúnhas zonas con desnivel, mediante a dotación de varandas de protección. O investimento recollido no proxecto ascende a 207.275 euros e o prazo de execución previsto é de 2 meses e medio. Logo da aprobación deste proxecto procederase á elaboración do correspondente prego de condicións técnicas e administrativas, como paso previo á adxudicación do contrato de execución das obras.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao inicio do expediente de contratación da xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polo servizos integrados na Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

Aprobouse a apertura do procedemento de contratación do servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias relacionadas coa área de desenvolvemento urbano e sostible. O importe de licitación previsto é de 40.368 euros polo período de 1 ano prorrogable.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a licenza de obras para cambio de ubicación das básculas de pesaxe de

camións, obras de acondicionamento das zonas afectadas e modificación do peche da industria en lugar de Formarís, 60. (LIC/498/2014).

Autorizouse a licenza para o cambio de localización das básculas de pesaxe de camións, obras de acondicionamento das zonas afectadas e modificación do peche da industria Financiera Maderera, S.A. (FINSA), nos seus terreos no lugar de Formarís á beira da estrada N-550.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa licenza de obras e de actividade para nave industrial adicada a café bar restaurante na rúa da Comunidade Valenciana. (LIC/1720/2014) e (LAP/310/2014).

Autorizouse á empresa Amio Reyspa, S.L. a realización do proxecto básico de execución e de actividade para nave industrial dedicada a café-bar restaurante na rúa da Comunidade Valenciana, no ámbito do Parque Empresarial da Sionlla. A nave, construída en planta baixa sobre unha superficie de 844 m² útiles. O orzamento de execución material para as obras que recolle o proxecto presentado é de 222.729 euros. Segundo as estimacións feitas públicas polo promotor, estas novas instalacións de hostalería poderían crear 10 novos postos de traballo.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa devolución de fianza LIC/1772/2014 (LIC/768/2008).

18.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública relativa a devolución de fianza.

Autorizouse a devolución de 2 fianzas por un importe conxunto de 4.166 euros.

A primeira delas, por importe de 3.000 euros, depositada para responder á execución dos servizos urbanísticos afectados polas obras dun edificio de 4 vivendas, locais e garaxes, na rúa Penedo (nº 17) . No segundo caso, por importe de 1.166 euros, á Sociedade Cooperativa Galega de Educación Ambiental CEM, para responder polas obrigas do contrato finalizado para a organización e realización de actividades de educación ambiental no Parque de Belvís e no Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural.

9.- Proposta da concelleira delegada de Área de Cultura e Patrimonio relativa a dar conta da sinatura de diversos convenios das festas do Apóstolo.

10.- Proposta da concelleira delegada de Área de Cultura e Patrimonio relativa a aprobación da liquidación dos ingresos dos concertos musicais. (Andrés Calamaro, Los Árboles, Belle&Sebastian e Caxade), e solicitude de compensación dos ingresos.

Deuse conta, para a emisión das facturas correspondentes, de 5 convenios subscritos con outras tantas entidades e empresas comerciais para achegan diversas cantidades para axudar a sufragar os gastos de diversas actividades das festas do Apóstolo. Os convenios foron con Hijos de Rivera (19.630€), Centro Comercial As Cancelas (5.445€), El Corte Inglés (7.260€), Gadisa (3.630€) e Coca-Cola (7.865€).

En relación tamén con distintas actuacións musicais celebradas neste ano, acordouse aprobar tamén as liquidacións de ingresos referidas ao 2 concertos: un de Belle e Sebastian e grupo Caxade, do pasado 28 de xullo (2.618 euros) e outro de Andrés Calamaro e o grupo Los Árboles, celebrado o 28 de maio (14.494 € brutos), solicitando en ambos casos a compensación destes ingresos cos gastos derivados desas actuacións (que ascenden a 50.000€ e 20.000€, respectivamente).

11.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a USC relativa ao programa RUPTURA DE PARELLA.

12.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta da sinatura do convenio para o Bacharelato internacional no IES ROSALÍA DE CASTRO. ANO 2014.

Dáse conta da sinatura do convenio coa Universidade de Santiago para a posta en marcha en 2014 do “Programa de ruptura de parella, non de familia” e “Programa de Mediación Familiar”, por un importe de 51.000 euros, que fora aprobado pola Xunta de Goberno o pasado 31 de outubro.

O segundo convenio foi o asinado co IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional nese centro, ao que se destina un importe de 6.208 euros, tal e como se aprobou na Xunta de Goberno do pasado 24 de outubro.

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á anulación pago MAPIS.

Acordouse anular, conforme ao recollido no informe dos Servizos Sociais, unha axuda para a integración social ao constatar que tiña mudado a situación económica da persoa beneficiaria.

14.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade relativa á adxudicación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento no termo municipal de Santiago.

Adxudicóuselle o contrato para a conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico no termo municipal á empresa API MOVILIDAD, S.A. por un importe de 504.339 euros/ano e un período de vixencia de 4 anos.

15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa á aceptación da concesión de subvención da Dirección Xeral de Coordinación de competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais do Ministerio de Facenda e Administración Públicas para a realización do proxecto PACTO LOCAL POLO EMPREGO DE SANTIAGO.

A Xunta de Goberno acordou a aceptación dunha subvención da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial por un importe de 8.325 euros, motivada pola repartición de remanentes de axudas do Fondo Social Europeo para o programa operativo “Adaptabilidade e Emprego” 2007-2013, a través do que o Concello recibira no seu día unha subvención de 101.797 euros para financiar o proxecto “Pacto Local polo Emprego de Santiago”.

16.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Medio Rural e Relacións Veciñais relativa á resolución de recurso de reposición sobre aprobación de concesión das subvencións para Asociacións Veciñais 2014.

Acordouse desestimar o recurso presentado pola Asociación de Veciños Nova Xeira de Figueiras, no que se reclamaba a ampliación da subvención concedida para actividades e funcionamento deste ano.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública relativa á aprobación de convenio de colaboración entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de alumnado de grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e do máster universitario en Xestión de Dirección Laboral.

Aprobouse o texto e a formalización dun convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago para a realización de prácticas de alumnado de grao en relacións laborais e recursos humanos e do master universitario en xestión de dirección laboral. Un convenio no que non se contemplan achegas económicas por parte de Administración local.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública relativa á planificación e programación de accións correctoras polo tema do radón.

Acordouse solicitarlle ao Consorcio da Cidade de Santiago un informe sobre as medidas previstas a desenvolver en 2015 en relación coas accións correctoras sobre os efectos do gas radón nas instalacións municipais.

20 a 51.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 31 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais na súa maior parte referidos ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana e outras sobre o imposto de vehículos de tracción mecánica (3).

52.- Dación de conta pola Asesoría Xurídica de resolución do Tribunal Administrativo Central en relación ao expediente: Traballos de actualización de catastro sobre inmoables urbanos e inmoables rústicos con construcións.

53.- Dación de conta pola Asesoría Xurídica de resolución do Tribunal Administrativo Central en relación ao expediente: Servizo de axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno foi informada de 2 resolucións do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.